

GUIA MUNICIPAL DE APOIO Á EMBARAZADA

CONCELLO DE BARBADÁS



GUIA MUNICIPAL DE APOIO Á EMBARAZADA

CONCELLO DE BARBADÁS



Índice

1.- TRÁMITES A REALIZAR NO MOMENTO DO NACEMENTO

- 1.1.- Inscripción no Rexistro Civil
- 1.2.- Asistencia sanitaria
- 1.3.- Libro de familia numerosa
- 1.4.- D.N.I. e Pasaporte
- 1.5.- Empadramento

2.- MEDIDAS DE PROTECCIÓN E APOIO FAMILIAR

- 2.1.- Dependentes da Seguridade Social (Ministerio de Traballo e asuntos Sociais)
- 2.2.- Dependentes da Traballo e Benestar (Xunta de Galicia)
- 2.3.- Axudas fiscais (Ministerio de Economía e Facenda)
- 2.4.- Dependentes do Concello de Barbadás
- 2.5.- Outros programas de Acción Social

3.- O PARTO E A LACTACIÓN

- 3.1.- O parto
- 3.2.- A lactación

4.- NAIS INCORPORADAS LABORALMENTE: PERMISOS RETRIBUIDOS

- 4.1.- Risco laboral para a saúde da xestante ou para o bebé na lactación
- 4.2.- Maternidade e Paternidade
- 4.3.- Redución da xornada por lactancia materna
- 4.4.- Redución da xornada laboral para o coidado de menores
- 4.5.- Axudas de pago único e redución da xornada para coidado de menores
- 4.6.- Excedencia laboral para coidado de menores ou discapacitados
- 4.7.- Vacacións
- 4.8.- Outros permisos retribuídos

1.- TRÁMITES A REALIZAR NO MOMENTO DO NACEMENTO

1.1.- Inscripción no rexistro civil

Prazo: Entre as 24 horas de vida e os 8 días para nenos nados de parellas unidas por matrimonio (forza maior xustificada 30 días) . 30 días para nenos nados de parellas de feito ou monoparentais .

Documentación:

- Matrimonios: libro de familia, D.N.I. De ambos membros do matrimonio, formulario de estadística que dan na clínica ou hospital, informe médico do parto. Soamente é necesario que se persone un membro do matrimonio. Sempre e cando estean os dous empadronados no Concello.
- Parellas non casadas: D.N.I. de ambos proxenitores, formulario estadística e informe médico. É necesario personarse ambos membros da parella para realizar a comparecencia.
- Familias monoparentais: D.N.I. da nai, formulario de estadística, informe médico.

Orde de apelidos: De mutuo acordo entre proxenitores pode decidirse o orde de apelidos, que será o mesmo para tódolos fillos. En caso de desacordo, prevalece o do pai.

Tramitación: En Barbadás, Xuzgado de Paz, Cimadevila, nº 1. Barbadás. Tfno: 988 36 01 26.

Si se inscribe en lugar diferente ó que nace o neno, debe solicitarse con tal fin un documento específico na institución sanitaria onde se produce o parto, que logo se entregará co resto de documentos no rexistro civil do concello elixido.

1.2.- Asistencia sanitaria: www.seg-social.es

Afiliación: Debe inscribirse ó neno/a na cartilla da Seguridade Social ou doutra entidade de calquera dos pais que nese momento estean de alta. **Tramítase** no Instituto da Seguridade Social, Praza de Eduardo Barreiro nº 4 de Ourense. Debendo levar o D.N.I. e a tarxeta do titular que o vai incluír así como o libro de familia.

Tarxeta sanitaria: Debe tramitarse no centro de saúde correspondente, onde se asignará un pediatra ó bebé, e se solicitará cita para a primeira consulta entre as 72 horas. e os 9 primeiros días de vida do bebé (sempre que reciba alimentación) no caso de non estar feitas as probas metabólicas do recién nado durante a estancia no hospital, senón a primeira consulta pediátrica será nos 15 primeiros días.

1.3.- Libro de familia numerosa

Poden solicitalo familias con 3 ou máis fillos, ou con 2 se : un dos fillos ten discapacidade ou un dos proxenitores está falecido ou un dos pais con minusvalía ten unha minusvalía maior ou igual ó 65% . Os beneficios son múltiples: fiscais, vivenda, aluguer, transporte, educación, garderías, servizos de xuventude, residencias tempo libre, nutrición, tributo da auga, adquisición de vehículos, imposto auga, bono social eléctrico, dedución da seguridade social para contratación de empregada de fogar, servizos sociais... e tamén descontos comerciais a través do carné familiar.

Tramítase: Xefatura Territorial de Traballo e Benestar. Rúa Sáenz Díez, nº 39, baixo co DNI dos pais e o libro de familia.

1.4.- D.N.I. e pasaporte

Non son obrigatorios ata que o neno ou a nena cumbran os 14 anos.

Documentación: Para **D.N.I.:** Volante de empadramento, partida de nacemento, D.N.I. do pai ou nai que acuda a facer o trámite e 2 fotografías. Para o **pasaporte:** D.N.I. do menor, D.N.I. do pai ou nai que acuda a facer o trámite e 2 fotografías.

Tramitación: Comisaria de Policía. Rúa Mestre Vide nº 2. As Lagoas. Ourense. Tfno: 988 39 11 89. Cita previa: 902 247 364, www.citapreviadnie.es

1.5.- Empadramento

Prodúcese de oficio no lugar onde se rexistra o bebé se a mamá tamén está empadroada neste lugar. En caso de querer facelo en lugar diferente, farase no Concello onde residan, achegando o libro de familia.

2.- MEDIDAS DE PROTECCIÓN E APOIO FAMILIAR.

2.1.- Dependentes da Seguridade Social

SOLICITUDES: Instituto Nacional da Seguridade Social. Praza de Eduardo Barreiro, nº 4, Ourense. Información 901 16 65 65. www.seg-social.es

➤ **ASIGNACIÓN ECONÓMICA POR FILL@ A CARGO MENOR DE 18 anos (3 – 18 anos)**

É unha prestación que se percibe en dous pagos semestrais (Se é menor ou igual á 5 anos 500 euros/ano; De 5 a 18 anos 24,25 €/mes- Total 291 euros/ano fillo) supeditado a límite de ingresos (se o fill@ ten a condición de minusvalid@ non hai límite de ingresos e a prestación é de 1000 euros /ano). Para un fillo, os ingresos da unidade familiar non deben ser superiores a 11.643 €/ano, para 2 fillos supón un 15% máis do sinalado (límites establecidos para o ano 2012).

➤ **PRESTACIÓN ECONÓMICA POR NACEMENTO- ADOPCIÓN DO TERCEIRO E SEGUINTE FILLOS/MONOPARENTAIS/NAIS CON DISCAPACIDADE IGUAL OU MAIOR Ó 65%**

A partir do nacemento do terceiro fillo hai dereito a percibir unha prestación de pagamento único de 1000 euros. Este mesmo dereito é tamén para familias monoparentais, nais con discapacidade igual ou maior ó 65% (son os 1000 euros máis do cheque bebé para estes casos), ou familias coa condición de numerosas. Está supeditada ós mesmos límites de ingresos que a anterior.

➤ **PRESTACIÓN POR PARTO MÚLTIPLE**

É un pago único por parto múltiple, non supeditada a límite de ingresos, que supón, por xemelgos, 4 veces o salario mínimo interprofesional (2.581,20 €), trillizos 8 veces o S.M.I (5.162,40 €), cuatrillizos e máis 12 veces o S.M.I (7.743,60 €).

2.2.- Dependentes da Xefatura Territorial de Traballo e Benestar

SOLICITUDES: Xefatura Territorial de Traballo e Benestar. Rúa Sáenz Díez, nº 39, baixo.
988 65 81 95/83

➤ **PRESTACIÓN ECONÓMICA POR FILLO A CARGO MENOR DE 3 anos**

Son 360 € en pago único, segundo convocatoria anual que adoita saír no mes de Febreiro-Marzo de cada ano. Teñen dereito a ela aquelas persoas que non teñan feita a declaración da renda do exercicio 2011 (para os seguintes anos, segundo convocatoria).

➤ **GARDERÍAS**

Requisito: Idade mínima do bebé 3 meses e máxima non ter cumpridos os 3 anos a 31 de decembro de 2012. Non hai requisitos de límites económicos, aínda que a menores ingresos máis puntuación, entre outros factores sociais a ter en conta no baremo. O custo da gardería tamén varía en función dos ingresos da unidade familiar. O prazo de solicitude ábrese na segunda quincena do mes de marzo de cada ano. Os bebés que nacen fora deste período, poden pórse en lista de agarda igualmente durante todo o ano.

En Ourense, hai cinco garderías públicas: Antela, Covadonga e Farixa, e as Escolas Infantís “A Galiña azul” de Barrocás e Rúa Colón, que se solicitan por orde de preferencia. Os que quedan sen praza pero cumprindo o requisito económico fixado en convocatoria (na última, que a renda per cápita familiar non supere os 895 € persoa/mes) poden ter dereito **EXCLUSIVAMENTE Ó CHEQUE INFANTIL PARA GARDERÍA PRIVADA, en tres excepcións** (non superar 1000 euros/mes renda percápita mensual):

- No caso no que os solicitantes residan nun concello onde non hai garderías públicas, poden solicitar directamente o cheque gardería (Normalmente por convocatoria entre 8 de Maio e 23 de Xuño)
- Cando o bebé nace no primeiro semestre do ano, pero xa pasado o período antes comentado, ábrese un período excepcional de solicitude de cheque no mes de Xullo.
- Fora deste período, excepcionalmente poden solicitar cheque se o bebé nace fora dos prazos anteriores, e fill@ de muller vítima de violencia de xénero ou se produzo un cambio de domicilio familiar.

**GUIA MUNICIPAL DE APOIO Á EMBARAZADA
CONCELLO DE BARBADÁS**

➤ **ESTANZAS DE TEMPO LIBRE PARA MULLERES SOAS CON RESPONSABILIDADES FAMILIARES NON COMPARTIDAS**

Dirixidas a mulleres soas sobrecargadas polo coidado de fillos (de 2 a 18 anos ou máis con discapacidade) con renda per cápita non superior ao SMI. Son estancias gratuítas durante dez días en pensión completa na costa Mediterránea. Solicítanse en torno ó mes de Abril de cada ano na Secretaría Xeral de Igualdade. Teléfono: 988 38 60 86. Teléfono de atención á muller: 900 400 273

➤ **PROGRAMA DE ORIENTACIÓN E/OU MEDIACIÓN FAMILIAR**

A Consellería dispón do chamado Gabinete de Orientación Familiar (G.O.F.) con Traballador Social, Avogada e Psicóloga para atender a conflitos relacionais, conxugais e interxeneracionais. Saenz Díez, 39 baixo, Teléfono: 988 38 61 28.

2.3.- Axudas fiscais

Tramitación: Delegación de Facenda, Rúa Santo Domingo. Ourense.

➤ **DEDUCIÓNS NO IRPF:** Existen deducións por: nacemento ou adopción, por fillo menor de 3 anos, por coidado de fillos menores, por parto múltiple e por familia numerosa.

➤ **DEDUCCIÓN POR COIDADADO DE FILLOS/AS DE TRES OU MENOS ANOS DE IDADE:** Poden beneficiarse as persoas que por motivos de traballo teñan que deixar os fillos e fillas menores ó coidado dunha persoa que teña a condición de empregada de fogar ou en escolas infatís 0-3 anos.

➤ **DEDUCCIÓN POR MATERNIDADE:** Poden beneficiarse desta prestación as mulleres traballadoras con fillos a cargo menores de 3 anos. Pode deducirse na declaración da renda anual, ou cobrar mensualmente 100 € (200 en caso de xemelgos, 300 trillizos...) Solicítase a través de impreso 140 que facilitan os rexistros civís no momento de inscribir ó neno, por internet ou na propia delegación de facenda. O teléfono de Información é: 901 20 03 45.

2.4.- Dependente do Concello de Barbadás

Os Concellos adoitan ter medidas de protección social dirixidas á familia, pero estas poden variar de uns a outros. En Barbadás existen dúas unidades de Intervención social distribuídas por zonas, que dan apoio, asesoramento e información ós cidadáns próximos ó lugar onde residen.

Concello de Barbadás. Información: Teléfono: 988 36 00 00 /01, 988 39 31 68

U.N.I.S ZONA A VALENZA: Rúa do Viso, nº 2 de A Valenzá Teléfono: 988 39 31 68

U.N.I.S ZONA BARBADÁS: Cimadevila, nº 1 de Barbadás Teléfono: 988 36 00 00 / 01

No Concello de Barbadás existe o seguinte programa dirixido ás familias:

- Programa de Educación Familiar: Fai intervencións no núcleo familiar para a adquisición de habilidades domésticas e de coidado dos menores. Incluindo a etapa prenatal.

No Centro de Saúde da Valenzá hai consulta de matrona que se encarga de realizar as seguintes actividades:

- Test embarazo.
- Programa preconcepcional (preparación para un novo embarazo con 6 meses de antelación).
- Control de embarazos de baixo risco.
- Control de puérperas.
- Apoio á lactancia (actividade grupal) / masaxe bebé (actividade grupal)
- Asesoramento anticoncepción.
- Cursos de educación maternal, (actividade grupal), que constan de:
 - técnicas de respiración.
 - técnicas de relaxación.
 - información sobre unidade de parto natural do CHUO (complexo hospitalario de ourense) e plan de parto.
 - pautas básicas sobre embarazo, parto e postparto.
 - pautas básicas sobre coidados do recién nado.
 - técnicas de alimentación materna e artificial.
 - ximnasia en embarazo.
- Recuperación postparto (actividade grupal)

Estes cursos están dirixidos ós dous membros da parella.

- Todas as consultas son con cita previa mais información en centro de saúde, teléfono: 988 24 53 98.

Así mesmo, no Concello de Ourense existen os seguintes programas dirixidos á familia onde tamén poden acudir mulleres de Barbadás:

- **Centro Asesor Da Muller:** O Concello dispón dun equipo de Traballadora Social, psicóloga e avogada que atende dificultades ligadas ó rol da muller. Están na Casa foro da Muller, Rúa do Ensino nº 24 Ourense. 988 39 31 91.
- **Servizo municipal de apoio ás familias:** Escola de pais e nais. Sanidade Municipal. Rúa Concordia, nº 20, Entrechán. Tfno: 988 51 06 22.

2.5.- Outros programas de Acción Social

- **PROGRAMAS DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL PARA FAMILIAS 2013 (Fundación Barrié de la Maza e Cáritas)**

Para cubrir gastos de familias, residentes en Galicia, cuxa situación económica empeorase significativamente por mor da perda de traballo dun ou máis membros, coa finalidade de afrontar gastos fixos mensuais de alimentación, educación ou sanitarios. Precísase xustificante de desemprego e situación económica. Prazo de solicitude 01/01/13 a 31/12/13, en Cáritas parroquial ou directamente en Cáritas Diocesána, Pza Pontevedra, Edificio Obispado, Teléfono: 988 23 68 19.

- **OS SERVIZOS DE TRABALLO SOCIAL DO SERGAS ESTÁN UBICADOS NOS DIFERENTES CENTROS DE SAÚDE DA PROVINCIA**

**GUIA MUNICIPAL DE APOIO Á EMBARAZADA
CONCELLO DE BARBADÁS**

PARA A ATENCIÓN, SERÁ PRECISO ACUDIR PREVIA CITA Ó CENTRO DE SAÚDE DE REFERENCIA SEGUNDO CARTILLA SANITARIA.

CENTRO DE SAÚDE DE BARBADÁS: 988 36 01 23

CENTRO DE SAÚDE A VALENZÁ: 988 24 77 46

CENTRO DE SAÚDE VALLE INCLÁN: 988 25 21 11

CENTRO DE SAÚDE A PONTE: 988 21 33 45

CENTRO DE SAÚDE A CUÑA: 988 24 82 42

CENTRO DE SAÚDE NOVOA SANTOS: 988 38 55 80

CENTRO DE SAÚDE A CARBALLEIRA: 988 22 29 11

CENTRO P. FAMILIAR NÓVOA: 988 38 55 85

UNIDADE DE SAÚDE MENTAL A PONTE: 988 21 89 90

UNIDADE S. MENTAL INFANTO XUVENIL: 988 21 89 90

UNIDADE DE ATENCION A COMPORTAMENTOS ADITIVOS: 988 36 98 39

UNIDADE DE TUBERCULOSIS: 988 38 55 75

CENTRO DE SAÚDE DO BARCO: 988 32 57 94

HOSPITAL BARCO: 988 33 90 00

CENTRO DE SAÚDE VERIN: 988 41 08 00

CENTRO P. FAMILIAR CARBALLIÑO: 988 27 32 23

CENTRO DE SAÚDE RIBADAVIA: 988 47 15 77

HOSPITAL XERAL OURENSE: 988 38 55 00

HOSPITAL Santa M^a NAI: 988 38 54 50

HOSPITAL PIÑOR: 988 38 55 70

3.- O PARTO E A LACTACION

3.1.- O Parto

- Podedes consultar a seguinte páxina web <http://www.elpartoesnuestro.es>.

. A epidural

A asistencia ó parto con anestesia epidural é un dereito da nai que terá que por de manifesto cando faga a consulta de anestesia ou no momento do ingreso, independentemente da hora do día en que se produza este. Só se lle denegará se por necesidades do servizo, non houbera anestesistas dispoñibles.

. O Acompañamento

De momento, non existen protocolos establecidos no servizo a este respecto; Depende do tipo de intervención e da decisión dos profesionais asignados ó parto. A tendencia en partos naturais é a de permitir a presenza da parella.

A embarazada pode manifestar por escrito (en tanto non exista o documento chamado “Plan de Parto”) os seus desexos con respecto o parto (rasurar, monitorización, acompañamento, epidural, ruptura de bolsa...Si/Non). O Hospital deberá asumilos a non ser que non sexan posibles por necesidades do servizo.

3.2.- A lactación

A nai debe tomar a decisión do tipo de lactación que desexa ofrecer ó seu fillo con anterioridade ó parto para comunicala no momento do nacemento.

Tamén é de interese neste senso a páxina web <http://www.crianzanatural.com>.

4.- NAIS INCORPORADAS LABORALMENTE. OS PERMISOS RETRIBUÍDOS

Teléfono de Información Socio-laboral: 988 75 91 77 / 78

Teléfono de Información gratuito Seguridade Social 901 16 65 65-www.seg-social.es.
Información seguridade social Ourense 988 51 03 73 (Ex. 2398/2399)

4.1.- Risco laboral para a saúde da xestante ou para o bebé na lactación

En caso de risco para a saúde, a muller terá dereito a mudar a un posto en iguais condicións compatible co embarazo ou coa lactancia natural de un menor de 9 meses, ou se isto non é posible, obter a suspensión do traballo ata que non desapareza o risco, cun subsidio equivalente ó 100% da base reguladora. Non se esixe período de cotización. **Solicitude:** No INSS con DNI (estranxeiras TIE, NIE), declaración da empresa (actividade realizada, condicións, riscos, inexistencia de posto compatible), informe médico do servizo público de saúde, certificado médico da entidade xestora; certificado de empresa relativo a contratación, ou, no seu caso, xustificante do pago das cotas. Para a lactación, ademais libro de familia.

4.2.- Maternidade / Paternidade INSS

Maternidade: Supón 16 semanas para partos únicos e 2 máis por cada fillo a partir do segundo, en caso de parto múltiple, ou no caso de discapacidade do neno. As 6 semanas inmediatamente seguintes o parto son de uso obrigatorio e exclusivo da nai en xornada completa, podendo desfrutar as restantes cando ambos traballan, só a muller, cederllas ó pai, ou compartilas en períodos coincidentes ou consecutivos.

En caso de que o bebé deba quedar ingresado máis de 7 días, engádense ó tempo de ingreso o permiso maternal (máximo 13 semanas de hospitalización). Hai que entregar alta e baixa hospitalaria do bebé no INSS.

Requisitos: Estar de alta ou en situación asimilada na seguridade Social e ter cotizado os períodos esixidos:

- . Menor de 21 anos: só estar de alta.
- . De 21 a 26 anos: 90 días nos últimos 7 anos ou 180 días en toda a vida laboral.
- . Maior de 26 anos: 180 días nos últimos 7 anos ou 360 en toda a vida laboral.

Prestación: Subsidio do 100% base reguladora (75% contratos de formación). Subsidio especial no caso de parto múltiple.

Paternidade: Dereito de paternidade de disfrute exclusivo do pai. Son 13 días, en partos múltiples 2 máis por cada fillo a partir do segundo grao (que pode coller en calquera momento no período das 16 semanas post-parto ou a continuación destas) ós que se lle suman os de permiso por parto (2 na mesma localidade, 4 en localidade distinta, obrigatorio o disfrute dende o momento do feito causante).

Son 20 días cando o nacemento ten lugar nunha familia constituída como numerosa ou cun membro con discapacidade. Funcionarios e estatutarios galegos recoñecidos 29 días naturais de paternidade a partir do feito causante (Orde 7/4/2008 publicada no DOGA de 23/4/2008). Pode desfrutalo en xornada completa ou parcial, previo acordo coa empresa.

Solicitud: “Informe de maternidade” coa data de parto (ou probable se se disfruta antes) que debe facer o médico de cabeceira aportándolle a folla de parto do hospital (só para maternidade), que se entregará no prazo de 7 días á empresa ou ó INEM en caso de estar parado. A empresa consigna os datos no chamado **Certificado de empresa**. Entrégase no INSS, xunto co **Impreso de Solicitud** (maternidade e/ou paternidade) fotocopia do **D.N.I., do libro de familia, do nº de conta bancaria** onde se quere que ingresen o pago.

Subsidio non contributivo por maternidade: É unha prestación á que teñen dereito tódalas mulleres traballadoras coa única condición de estar de alta laboral no momento do parto, non se esixe período previo de cotización. A cuantía é do 100% do IPREM (para xornadas completas, proporcional á redución segundo horas de traballo) co pago de 42 días (ano 2013 a cobrar xornada completa 745,5 euros). Incrementase en 14 días, no caso de nacemento en familia numerosa, familia monoparental, parto múltiple, cando a nai e/ou o fillo ten discapacidade igual ou superiora ó 65%.

4.3.- Redución da xornada por lactación materna

Poden desfrutar a redución dunha hora ou dúas medias horas para a alimentación do bebé a nai ou o pai se ambos traballan durante os 9 primeiros meses do recién nado (Para as/os funcionarios e estatutarios galegos este dereito vese ampliado de 9 a 12 meses de lactación). En caso de partos múltiples aumento proporcional de horas por neno (2 horas por día para dous fillos...). Para funcionarios recoñecido o dereito ó permiso de maternidade en xornadas completas acumuladas o permiso maternal (16 máis 4=20 semanas, xemelgares 18 semanas máis 8=26 semanas). Para o resto de traballadores, esta posibilidade é graciable dependendo da autorización da xerencia da súa empresa (2 semanas).No caso de funcionarios e funcionarias habería que engadir a parte proporcional que corresponde por 12 meses en vez de 9).

4.4.- Redución da xornada laboral para o coidado de menores:

Poden desfrutalo tanto a nai como o pai traballador, coa redución proporcional no salario para coidado de menores de 8 anos ou discapacitados. A redución pode ser como mínimo de 1/8 e como máximo a 1/2 da xornada laboral coa redución proporcional do salario. Durante os 2 primeiros anos cotiza 100%. (Funcionarios e estatutarios recoñecidos para o coidado de menores 12 anos, redución entre 1 /2 e 1/3)

4.5.- Axudas de pago único a redución da xornada para coidado de menores

Pago único, suxeito a convocatoria dependente da Xunta de Galicia, variable en función da redución (máximo ata a metade da xornada e de duración entre 60 días e máximo de 8 meses) entre 2.400-3600 euros, para **homes traballadores por conta allea** (con parellas traballadoras por conta propia ou allea), e **familias monoparentais** (home ou muller) por conta allea. Os requisitos, ademais dos sinalados, son: estar empadroados en Galicia, convivencia co fillo polo que se solicita e non coincidencia co permiso de maternidade.

4.6.- Excedencia para o coidado de fillos menores ou discapacitados

Por un mínimo de 4 meses e un máximo de 3 anos, sen percibir salario, con reserva de lugar e posto de traballo o primeiro ano (funcionarios e estatutarios 2 anos.) e con consideración de alta e período cotizado os 2 primeiros anos (30 meses familia numerosa xeral e 36 categoría especial) Excluídos autónomos, Traballadores do mar e agraria. O resto do período considérase en situación asimilada á alta. A xestionar a empresa coa Tesourería Xeral da Seguridade Social.

4.7.- Vacacións

As empregadas da Administración Pública (hai sentencias que o recoñecen tamén ó resto de traballadoras), terán dereito a desfrutalas fora do ano que correspondan, se neste coinciden con incapacidade temporal por embarazo, descanso por maternidade ou lactación.

4.8.- Outros permisos retribuídos

. Adaptar a duración e distribución da xornada para conciliar a vida familiar-laboral, segundo negociación colectiva e acordos.

. Ausentarse do posto de traballo para realización das revisións de embarazo e cursos prenatais.

. O pai traballador ten dereito a 2 días na mesma localidade ou 4 si ten que desprazarse, polo nacemento dun fillo.

. A nai ou o pai teñen dereito a ausentarse durante unha hora (funcionarios e estatutarios 2 horas) do seu posto de traballo en caso de que o fillo deba quedar hospitalizado despois do parto. Neste caso, tamén poden reducir a xornada laboral en 2 horas coa diminución proporcional do salario.

. 2 días no mesmo lugar ou 4 si hai desprazamento, en caso de falecemento, enfermidade grave ou hospitalización de familiares directos.

. Persoal funcionario e estatutario, 30 días por coidado de familiar de primeiro (fillos-pais) por accidente ou enfermidade moi grave. Poden disfrutarse nun único ou varios períodos. Existe a posibilidade, de reducir a xornada no cincuenta por cento ata o período máximo equivalente a 30 días.



CONCELLO DE BARBADÁS
CONCELLERÍA DE SERVIZOS SOCIAIS